

Follas do Cineclub | 22/03/2023
O CASTELO AMBULANTE DE HOWL
(ハウルの動く城 [Hauru no Ugoku Shiro], Hayao Miyazaki,
Xapón, 2004, 119', VOSG

04

O DEUS DA ANIMACIÓN POR XAN BROOKS

Publicado en The Guardian o 14 setembro de 2005 <https://www.theguardian.com/film/2005/sep/14/japan.awardsandprizes>

A CONFERENCIA DE PRENSA DE MIYAZAKI NO 62º FESTIVAL DE VENEZIA

Sempre quixen facer un filme sobre o que poder dicir: “Nacer mereceu a pena para poder facer isto”
Tirado do libro *Turning Poing: 1997-2008* de Hayao Miyazaki. Studio Ghibli, 2008.

- Como te sentes coa estrea de *O castelo ambulante de Howl* mañá en Italia?

Intento non prestarlle atención a ese tipo de cousas a razón é porque me distrae moito. Son o tipo de persoa que se preocupa pola reacción da xente. Así que intento manterme un pouco afastado diso. Tamén me pasa cando vexo filmes nos cinemas ou nos festivais; probablemente son o dobre de sensible á reacción da xente ante o meu traballo do que sería a maioría e non quero distraerme con iso, así que intento evitalo na medida do posible. Sabes, se non me gustase entreter a xente, non estaría neste negocio. Pero cando vexo xente que non goza co que creei, sinceramente rómpeme o corazón. Así que non quero mirar cando proxectan os meus filmes no cinema.

Nas proxeccións cinematográficas, non é malo falar antes do filme senón cando remata. Se teño que falar en público, son dos que teñen medo de que lles comecen a tirar tomates ou ovos crus (ri). O público xaponés é moi educado, así que polo menos sempre aplauden, pero sempre teño medo do que pensan en realidade. Son un pouco covarde. Penso que todos os directores de cinema probablemente o sexan. Moitos de nós somos tímidos e cohibidos. Pero grazas a iso tamén nos damos conta de todo tipo de cousas.

- Sorprende escoitar iso.

Non debera. Non podes facer un filme se es dos que non se preocupan polos detalles e van sempre demasiado seguros de si mesmos.

Tanto *Heidi* como *Future Boy Conan* emitíronse en Europa, así que moita xente xa coñece a túa animación.

Sospeito que a maioría da xente en Europa nin sequera se dá conta de que fixemos eses filmes. Escoito a moita xente dicir “Como? Eu pensaba que se fixeran en Europa” ou que están “sorprendidos ao saber que as fixeron xaponeses”.

Ao comezo temía que tivéssemos problemas se *Heidi* se emitise en Suíza. Esforzámonos en debuxar todo ben cando a fixemos, pero non hai maneira de facelo ben de todo simplemente buscando material de referencia e explorando un pouco o terreo. Así que nos preocupaba cometer erros ridículos sen querer, como cando os xaponeses vemos filmes sobre Xapón feitos por estranxeiros e nos decatamos de que ás veces teñen escenas idiotas como xente camiñando polo *tatami* con geta, por exemplo.

No xardín do seu hotel en Venecia, Hayao Miyazaki é toda unha celebridade. Asina autógrafos con adornos, posa alegremente ante unha chea de fotógrafos e só se escusa brevemente por unha chamada da natureza. “Din que es o deus do anime”, bérallle un xornalista italiano, “como se sente ser un deus?”. El estremécese de camiño ao baño.

En palabras de John Lasseter, de Pixar, Miyazaki é “o mellor animador vivo do mundo”. Segundo os números, é o director xaponés de máis éxito, ao bater no 2001 coa súa fábula *A viaxe de Chihiro* o récord nacional de billeteira establecido por *Titanic* (1997). Pero lonxe dos focos este pequeno profesor de pelo branco leva unha existencia monástica (todo traballo, nada de xogos, TV ou internet). O seu publicista cóntame que é a primeira entrevista que concede en dez anos.

O último filme de Miyazaki, *O castelo ambulante de Howl*, ten lugar nun reino do val habitado por magos, demos de lume e serpeantes monstros das sombras ataviados con bonitos botes de palla. Está baseado nun libro infantil da autora galesa Diana Wynne Jones. Miyazaki visitou Gales varias veces e sente un fondo afecto por ese lugar. A primeira vez que estivo alí foi no 1984, onde presenciou de primeira man as folgas dos mineiros e plasmou toda a angustiada experiencia no seu filme *Laputa: O castelo no ceo* (1986). “Admirei aqueles homes”, di sentado ao sol mentres os fotógrafos se derreten. “Admirei como loitaron para salvar o seu estilo de vida, igual que fixeron os mineiros de carbón xaponeses. Moita xente da miña xeración ve os mineiros como un símbolo; unha raza en extinción de homes loitadores”. Encóllese de ombros. “Agora xa non existen”.

E esa é a cuestión. Miyazaki, con toda a súa fama e aclamación, pronto podería ser un deles. O seu destino é ser aclamado como o maior profesional da animación debuxada (quizais o mellor que existiu xamais) nun momento no que a arte parece ir camiño da extinción. Móstrase curiosamente tranquilo ao respecto. “Se é unha arte moribunda, non podemos facer nada. A civilización avanza. Onde están todos os pintores de frescos agora? Onde están os paisaxistas? Que fan agora? O mundo cambia. Fun moi afortunado por poder facer o mesmo traballo durante 40 anos. Iso é raro na nosa época.”

Este mundo cambiante é algo que fascina a Miyazaki desde hai moito tempo. Nos seus filmes aparecen entrañables criaturas loitando con unllas e dentes para preservar as súas comunidades e bucólicas paisaxes baixo ameaza de destrución. *Nausicaa do val do vento* (1984) presenta un enclave postapocalíptico ameazado por esporas tóxicas e insectos xigantes. *A princesa Mononoke* (1997) narra unha batalla entre os animais do bosque e os construtores humanos pechados nunha cerca industrial.

Todo o drama depende deste tipo de conflito. E porén, a postura de Miyazaki chega a ser estrañamente ecuánime.

O CASTELO AMBULANTE DE HOWL

HAYAO MIYAZAKI

Invariablemente, os heroes ou heroínas desempeñan os papeis de pacificadores mentres os personaxes secundarios son un grupo revoltoso. O Sen cara, o espírito tímido e servizal d'A *viaxe de Chihiro* convértese nun carnívoro devorador. A bruxa malvada d'O *castelo ambulante de Howl* convértese nun membro querido da familia, que adurmiña na súa cadeira de brazos como unha vella tía chalada. A maioría dos narradores infantís establecen os seus personaxes como símbolos fixos do ben e o mal. Miyazaki fainos rebotar como bólas de pinball.

No 1997 o director asinou un contrato de distribución con Disney. Foi un trampolín á fama mundial, que lle pavimentou o camiño cara unha exhibición dedicada ao seu traballo no Museo de Arte Moderna de Nova York e lle axudou a conseguir o Oscar no 2003 por *A viaxe de Chihiro*. Aínda así, a natureza dos filmes de Miyazaki foise alterando co paso do tempo. En Xapón os seus filmes son blockbusters para toda a familia. En Gran Bretaña e EE.UU. segue sendo un fenómeno principalmente para adultos.

Miyazaki saca un cigarro dunha cigarreira de prata. Explica que o acordo con Disney lle conveu porque se mantivo firme. A súa negativa a conceder dereitos de comercialización significa que non hai ningunha posibilidade de que haxa Happy meals de Nausicaa ou videoxogos de Chihiro. Ademais, Disney non exerce ningún control creativo. Rumoréase que cando Harvey Weinstein recibiu o encargo de xestionar a estrea nos EE.UU. d'A *princesa Mononoke*, Miyazaki mandoulle unha espada samurai por correo. Xunto a ela unha nota: «Nada de cortes».

O director ri. «A realidade é que foi o meu produtor quen fixo iso. Aínda que si fun eu quen foi a Nova York a reunirse con Harvey Weinstein e a quen bombardearon con este tipo de ataques agresivos, con esas esixencias de recortes.» Sorrí. «Derroteino.»

Disney estreou os filmes de Miyazaki en dous formatos: unha versión con subtítulos para os puristas e unha extravagancia dobrada para os cinéfilos máis fans dos flocos de millo. O *castelo ambulante de Howl* non é una excepción. Conta coa voz de Billy Crystal como o obstinado demo de lume e Lauren Bacall como a Bruxa do Páramos. Iso está ben, di Miyazaki, porque Bacall é unha «muller fantástica» que lle deu ao personaxe algo que as actrices locais non podían. «Todas as actrices de voz xaponesas teñen voces moi coquetas que non era o que queríamos».

En calquera caso, engade, quen pode dicir que unha copia subtitulada é máis auténtica? «Cando ves a versión subtitulada probablemente estás perdendo moitas cousas. Hai unha capa e un matiz que non vas captar. Hoxe en día os filmes cruzan moitas fronteiras. Por suposto que van distorsionarse.»

Mentres tanto Miyazaki segue perfeccionando a súa arte tradicional en Ghibli, o seu estudio de animación de Tokio. No pasado criticou abertamente as imaxes xeradas por orde-

nador, cualificándooas de «febles, superficiais, falsas». Hoxe en día parece que fixo as paces coa besta. Admite que lle gusta *Toy Story* (1995) porque abriu as portas a unha nova clase de animación e incluso admite que usa CGI nos seus propios filmes (pero nunca máis do 10% da copia final). «A verdade é que penso que o CGI ten o potencial para igualar ou mesmo superar o que a man humana pode facer», di. «Pero para min é demasiado tarde para probalo.»

O seu é un fatalismo moi sereno e contido. Fala de Nova Orleans e do furacán Katrina e insiste en que vai pasar o mesmo en Tokio. Hai moitas comportas de auga na cidade e o río pasa por diante da súa casa. Sorrí e dá golpiños na cinza do seu cigarro. Hai moita xente no mundo, di, e demasiados xiros en falso no camiño. Aos seus sesenta e catro anos, dá a impresión de que o planeta está condenado e que el pronto o deixará, pero non demasiado pronto.

«Persoalmente son moi pesimista», di Miyazaki. «Pero cando, por exemplo, alguén do meu equipo ten un bebé non podo evitar bendicilo e desexarlle un bo futuro. Porque non lle podo dicir a ese neno, «Oh, non deberas vir a esta vida». E, porén, sei que o mundo vai en mala dirección. Así que con estes pensamentos contraditorios en mente, penso que tipo de filmes debería facer.»

Quizais por iso conta historias para nenos. «Ben, si. Penso que as almas dos nenos son herdeiras da memoria histórica de xeracións anteriores. O que pasa é que cando medran e experimentan o mundo cotián, esa memoria afúndese máis e máis. Sinto que teño que facer filmes que cheguen a ese nivel. Se conseguise facer iso, morrería feliz.»

Pregúntolle se pensa que xa o conseguiu e ri mentres nega coa cabeza. Tampouco cre que o cinema poida servir para facer o ben. «O cinema non ten ese tipo de poder», di con tristeza. «Só exerce a súa influencia cando levanta os patriotas contra outras nacións ou se alimenta de impulsos agresivos e violentos.»

Sen dúbida trátase dun diagnóstico escuro. Pero entón, de maneira inexplicable, o ánimo de Miyazaki énchese de luz. Quizais son os raios do sol ou o cigarro ou o feito de que a entrevista estea a piques de rematar. «Desde logo», reconece, «se, como artistas, intentamos chegar a ese nivel da alma -se dicimos que merece a pena vivir e que merece a pena vivir no mundo- entón pode saír algo bo diso.» Encóllese de ombros. «Quizais iso é o que estes filmes están facendo. Son a miña forma de bendicir ese neno».

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAR
2023

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MEIGAS DENTRO

1 DE MARZO

VAMPIRO

(Vampyr, Carl Theodor Dreyer, Alemaña-Francia, 1932, 65', VOSG)

8 DE MARZO

NON SON UNHA BRUXA

(I Am Not a Witch, Rungano Nyoni, Zambia-Reino Unido-Francia-Alemaña, 2017, 93', VOSG)

DO 15 AO 21 DE MARZO

MICE: Mostra Internacional de Cinema Etnográfico

22 DE MARZO

O CASTELO AMBULANTE DE HOWL

(ハウルの動く城 [Hauru no Ugoku Shiro], Hayao Miyazaki, Xapón, 2004, 119', VOSG)

29 DE MARZO

LEÁK [MÍSTICOS EN BALI]

(Leák [Mystics in Bali], H. Tjut Djali, Indonesia, 1981, 86', VOSG)